

EXPOSICIÓN |

**Fernando Blanco. Paisaxe, conciencia, fábrica**

**Fundación Luis Seoane. Do 7 de febreiro ao 13 de abril de 2025**



En 1975 inaugurábase a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, fundábase o Colexio de Arquitectos de Galicia e ese mesmo ano, Fernando Blanco (O Carballiño, 1947) comezaba a súa traxectoria como arquitecto. Esta exposición percorre 50 anos do seu traballo e afonda nos estreitos lazos entre o proceso arquitectónico do autor e a súa outra vertente, a práctica artística. Dúas actividades que, lonxe de existir en paralelo, nacen e se desenvolven a partir dunha formulación teórica e dun pulo creativo baseados na integración das artes, un concepto presente tamén no desenvolvemento artístico de Luis Seoane,

especialmente na súa obra mural, que elimina barreiras entre artes plásticas e arquitectura e avoga por unha colaboración sen límites entre arquitecto e artista.

Esa asociación atópase no corazón do traballo de Fernando Blanco, ao que a presente exposición réndelle homenaxe a través dunha selección de máis de medio centenar de obras, desde os seus comezos a mediados dos anos setenta ata o momento actual. Baixo o título **Paisaxe, conciencia, fábrica**, a mostra reúne maquetas, esculturas, pinturas e proxectos arquitectónicos, estes últimos agrupados nas tres seccións ás que fai referencia o título. Deste xeito, **Paisaxe** agrupa obras nadas da natureza; **Conciencia** obras creadas a partir de vectores conceptuais e, por último, **Fábrica**, que recolle obras realizadas a partir de métodos constructivos.

Esta categorización reproducése na monografía do mesmo nome que se publicará con motivo da celebración desta exposición, unha edición a cargo dos arquitectos Luis Gil Pita e Ricardo Lampreave sobre o traballo de Fernando Blanco editada pola ETSAC e o COAG coa colaboración da Fundación Luis Seoane que abordará a súa obra desde diferentes ángulos: o seu fondo coñecemento do territorio e dos usos constructivos tradicionais do seu país, definidos por unha paisaxe e climatoloxía específicas e polos condicionantes territoriais e humanos que lle son propios; o seu interese polo constructivismo e outros movementos de vangarda relacionados coa integración das artes; as súas experiencias en América, a traslación de postulados da arte abstracta á súa arquitectura, o seu labor docente, etc.

Proxectos como a vivenda unifamiliar do Grove ou a casa Aristides, obras públicas como o Centro de Saúde de Castro Ribeiras de Lea, as súas intervencións no espazo urbano xunto cunha mostra da súa produción artística contextualizan un universo creativo nunha exposición que reivindica a figura dun autor singular cuxo traballo arquitectónico pódese ler a través dos códigos das artes plásticas, incorporándose deste xeito a unha liña expositiva que forma parte da programación da Fundación Luis Seoane desde os seus comezos.

**Fernando Blanco. Paisaxe, conciencia, fábrica** estará aberta ao público ata o 13 de abril de 2025.

***Para máis información:***

Emma Fernández Castro | [emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal) | tel. 981 216 015